

Proposta de resolución provisional

CONVOCATORIA 2023 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO DAS PEMES PARA A CREACIÓN DE CENTROS DIXITAIS DE XESTIÓN REMOTA (PROGRAMA CENTROS DIXITAIS) PARA O ANO 2023, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA DE ESPAÑA 2021-2027 (FTX)

1. Antecedentes:

Mediante Resolución do 27 de setembro de 2023 (DOG nº 192, do 9 de outubro de 2023), publicáronse as bases reguladoras das axudas ao investimento das pemes para a creación de centros dixitais de xestión remota (Programa centros dixitais) para o ano 2023, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027 (FTX) e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Esta convocatoria é susceptible de ser cofinanciada no marco do Programa do Fondo de Transición Xusta de España 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento do 70%, computando como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios e, naquelas operacións en que a achega privada sexa só do 20 %, achegárase o cofinanciamento do 10 % mediante fondos propios da Comunidade Autónoma. En particular:

Obxectivo político ou obxectivo específico do FTX (JS08.1): facer posible que as rexións e as persoas afronten as repercusións sociais, laborais, económicas e ambientais da transición cara aos obxectivos da Unión para 2030 en materia de enerxía e clima e unha economía da Unión climaticamente neutra de aquí a 2050, consonte o Acordo de París.

Prioridade P2: A Coruña.

Ámbito de intervención: 036. TIC: outros tipos de infraestruturas de TIC (incluídos recursos/ equipamentos informáticos a gran escala, centros de datos, sensores e outros equipamentos sen fíos).

Actuación C04. Fomento da investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+I), a integración das TIC e a transformación dixital.

• Incentivos a fondo perdido para a creación de centros dixitais de desenvolvemento de sistemas, monitorización, control, comando de operacións.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, e o Regulamento (UE) nº 2021/1056, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establece o Fondo de Transición Xusta, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda implica a aceptación da persoa beneficiaria a ser incluída na lista de operacións prevista no artigo 49.3 do Regulamento (UE) nº 2021/1060. Así mesmo, a persoa beneficiaria deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 50 do devandito Regulamento (UE) nº 2021/1060.

Para a avaliación das 2 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de avaliación establecidos no artigo 12.4 das bases reguladoras da axuda:

- a) Interese para o tecido empresarial da provincia da Coruña do centro dixital: ata 20 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:
 - i. Grao de necesidade da infraestrutura baseado nas capacidades dixitais ofertadas, na inexistencia previa no territorio de infraestruturas competidoras e non interferencia con iniciativa privada local: ata 5 puntos.
 - ii. Dimensión económica dos axentes promotores do centro da tipoloxía 1 ou das entidades usuarias ou interesadas no proxecto que establezan claramente o seu interese mediante as correspondentes cartas de adhesión motivadas nos centros tipoloxía 2: ata 5 puntos.
 - iii. Vantaxes ambientais, de existiren: ata 3 puntos.
 - iv. Grao de innovación tecnolóxica da infraestrutura: ata 3 puntos.
 - v. Grao de aliñación cos obxectivos da RIS3 de Galicia: ata 4 puntos.
- b) Tipo de solicitante: ata 10 puntos.





- i. Empresa individual (peme) preexistente: 5 puntos.
 - ii. Proposta de nova sociedade (peme) formada por dúas ou mais empresas preexistentes: 10 puntos.
- c) Creación de emprego: ata 20 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:
- Ata 10 puntos outorgando 0,5 puntos por cada emprego a crear no centro dixital que non corresponda aos colectivos citados no seguinte parágrafo.
 - Ata 10 puntos outorgando 1 punto por cada emprego creado por contratación de mulleres, mozos entre 18 e 30 anos, persoas maiores de 50 anos ou persoas con discapacidade.
- d) Achegas privadas ao proxecto na forma de fondos, inmobles, instalacións, compromisos de cesión a longo prazo, equipamento e outros: ata 10 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas asignando maior puntuación ás solicitudes cuxas achegas sexan máis importantes cualitativa ou cuantitativamente.
- e) En función da tipoloxía de proxecto, ata 20 puntos:
- e.1) Tipoloxía 1: Obxectivo do centro dixital e beneficios esperados para a competitividade da peme, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas desta tipoloxía, tendo en conta os seguintes parámetros:
 - i. Sustentabilidade, coherencia e obxectivos do proxecto, xustificación con base nestes da necesidade das partidas económicas consignadas: ata 5 puntos.
 - ii. Singularidade e capacidades dixitais novas para a empresa, que o centro albergará: ata 5 puntos.
 - e.2) Tipoloxía 2: Plan de explotación e modelo de xestión, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:
 - i. Sustentabilidade, coherencia, concreción do plan de negocio presentado, obxectivos do proxecto e xustificación con base nestes da necesidade das partidas económicas consignadas: ata 10 puntos.
 - ii. Sistema de acceso para terceiros, marco de admisión, regulación e tarificación, limitacións, contraprestacións e outras características, primando aquelas que supoñan un maior beneficio para os usuarios da infraestrutura: ata 10 puntos.
- f) Localización en municipios de zonas de transición xusta: 5 puntos (anexo VIII).
- g) Sector de actividade: centro dixital de xestión de activos relacionados coas enerxías renovables ou coa mobilidade: 5 puntos.
- h) Proposta asociada a un hub de Innovación Dixital declarado estratéxico para Galicia, que se asignará a un máximo de dous proxectos por cada hub estratéxico: 5 puntos.
- i) Proxecto en concello emprendedor: 5 puntos, que se outorgarán a proxectos que se desenvolvan nun concello declarado como concello emprendedor, a listaxe de concellos emprendedores pódese consultar no seguinte enderezo electrónico:
<https://economia.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/-/topic/0109/concellos-emprendedores>

No caso de empate nas puntuacións, decidirse a favor do proxecto que obtivese máis puntos na valoración dos criterios: e), a), b), c), d), f), g), h), i) sucesivamente. Se aínda así seguise existindo empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no artigo 9 do Regulamento (UE) n° 2021/1060, decidirse a favor do proxecto en que se prevexa a implantación dun plan de igualdade, identificado no formulario electrónico de solicitude polo seu localizador no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo, de acordo co establecido no artigo 11 do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro. De persistir o empate, darase preferencia aos proxectos segundo a súa orde de presentación.

Unha vez finalizada a fase de defensa pública do proxecto e analizados conxuntamente os informes técnicos dos 2 proxectos presentados dentro do prazo establecido e tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación e do procedemento establecido no artigo 12.5, a Dirección da Área de Competitividade do Igape, formula a seguinte proposta:





2. Proposta provisional:

Primeiro. Aprobar de forma provisional a concesión das subvencións ás 2 persoas beneficiarias que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 2.556.132,28 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

Terceiro. Publicar a presente proposta provisional de resolución na páxina web do Igape <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, de conformidade co disposto no artigo 13.1 das bases reguladoras.

Cuarto. Concederlle aos interesados un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta proposta, para formular as alegacións que consideren oportunas.

Quinto. Requirirlle ao líder da agrupación, no caso de que a solicitude a presentara o líder, para que no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta proposta, presente a documentación acreditativa da constitución da nova sociedade que vai recibir a axuda, que se relaciona no artigo 13.2 das bases reguladoras. De non recibir esta documentación en prazo, teráselle por desistido da súa solicitude e archivarase o expediente. A sociedade constituída será na que recaerá a resolución definitiva de concesión.

3. Carácter provisional desta proposta:

Esta proposta de resolución é provisional, polo que non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte ao Igape, mentres non se publique a resolución definitiva.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días naturais para acceder á Oficina virtual do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descargar a súa proposta de resolución individual.

Unha vez examinadas as alegacións, se é o caso, presentadas e a documentación recibida no caso de que a solicitude a presentara o líder da agrupación, confeccionarase a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes e a persoa titular da Dirección Xeral do Igape ditará a resolución definitiva, a cal será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, de acordo co establecido no artigo 14.4 das bases reguladoras.

Sinatura da proposta provisional:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director da Área de Competitividade	Norberto Penedo Rey	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina



ANEXO I

Axudas concedidas

AXUDAS AO INVESTIMENTO DAS PEMES PARA A CREACIÓN DE CENTROS DIXITAIS DE XESTIÓN REMOTA (PROGRAMA CENTROS DIXITAIS) PARA O ANO 2023, SUSCEPTIBLES DE SEREN COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA DO FONDO DE TRANSICIÓN XUSTA DE ESPAÑA 2021-2027 (FTX)

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG292.2023.1.1	PUNTO NEUTRO DE GALICIA GALNIX, S.L. (CFIC139429)	PUNTO NEUTRO DE GALICIA	66,50	30 de xuño de 2026	30 de xullo de 2026	2.110.620,00 €	79,90%	1.686.477,93 €
IG292.2023.1.2	CINFO, CONTENIDOS INFORMATICOS PERSONALIZADOS, S.L. (B15757941)	Centro Dixital de Monitorización, Producción Remota e Análise de Vídeo	57,00	30 de xuño de 2026	30 de xullo de 2026	1.089.510,00 €	79,82%	869.654,35 €

TOTAL:

2.556.132,28 €

